

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Urís, Gloria M.  
Rodríguez Vázquez, Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES:

Cuiñas Gómez, Iñigo  
Lantarón Caeiro, Eva M<sup>a</sup>  
Pérez Abellás, Adolfo  
Pillado González, Esther  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Romo Pérez, Vicente  
Rubio Armeso, Belén  
Seoane Posse, Elena Celsa

### PDI-A:

Castro Cerceda M<sup>a</sup> Luisa  
Costas González Xosé Henrique  
García-Pintos Escuder Adela  
González Santamaría Pedro  
Llamas Nistal Martín  
Pérez Cola Manuel  
Pou Saracho Juan María  
Reigosa Roger Manuel Joaquín  
Rivo López Elena  
Vaquero Díaz M<sup>a</sup> Beatriz

### PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
González Jorge, Higinio  
González Santamaría, Pedro

### ESTUDANTES:

Carrillo Pérez, Rosalía  
González Varela, Luis

### PAS:

Cebro Rodríguez, Xan  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico A.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alonso Carrera, Jaime  
Fernández Prieto, Marta  
García Fontán Soledad  
García Scñorán, María del Mar  
Tallado González, Fernando  
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique  
Vallejo Pousada Rafael

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 21 de decembro de 2015, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **21 de decembro de 2015** ás 10:35 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de novembro de 2015.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2016.
4. Aprobación, se procede, do Proxecto de Orzamento da Universidade de Vigo para 2016.
5. Informe sobre a quinta Memoria de responsabilidade social da Universidade de Vigo.
6. Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións para a renovación parcial do Claustro Universitario.
7. Aprobación, se procede, da Convocatoria para a prórroga de contratos do programa Ramón y Cajal formalizados na Universidade de Vigo.
8. Aprobación, se procede, do cambio de denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas.
9. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento da Comisión de Calidade.
10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Sonora*, México – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Centro de Investigación Científica e de Educación Superior de Ensenada, Baja California*, México – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Buenos Aires* (Arxentina) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Buenos Aires* para o intercambio de estudantes –

Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal do Triângulo Mineiro*, Brasil -- Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal do Triângulo Mineiro* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de

Vigo e a *Universidad Casa Grande*, Ecuador – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Casa Grande* para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Gran Colombia*, Bogotá (Colombia) para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Rochelle Business School* (Francia) para a obtención de dobre titulación: Grao en Comercio, Universidade de Vigo; Bachelor en International Business, *Rochelle Business School*.

## 11. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta da correspondente á sesión ordinaria do 27 de novembro de 2015.

Indica o reitor que non se presentaron alegacións á acta e pregunta se algún dos membros do Consello de Goberno quere facer algún comentario, de non ser así, propón a aprobación da mesma.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

- Dá comezo o reitor ao seu informe, dando conta da sinatura do primeiro protocolo de colaboración institucional coa Deputación de Pontevedra, o pasado venres 18 de decembro. Este convenio, como xa comentara en ocasións anteriores, define o marco de traballo conxunto para os próximos anos. Informa de que despois do Nadal procederase á constitución dunha Comisión Mixta que elaborará o primeiro plan anual de actividades e definirá a axenda para desenvolverlos. Considera que este é un protocolo histórico, xa que non estaba definida esta pauta de traballo coa deputación de Pontevedra, como o estaba en Ourense. Continúa expoñendo que xa están en marcha tres proxectos: a próxima execución da obra de arranxo da estrada de acceso á Universidade; o desenvolvemento dun traballo de cooperación na estratexia de residuos, en colaboración cos grupos de investigación de Edafoloxía, e finalmente, coa sinatura que se realizará mañá do primeiro convenio ao abeiro deste Protocolo, a axuda que se concederá a 150 universitarios con baixos recursos económicos, seleccionados nas convocatorias Erasmus+, para que poidan desenvolver a súa estadia en universidades ou empresas europeas para realizar estudos ou prácticas. Manifesta as boas expectativas para estes catro anos, con un bo arranque a través destas iniciativas, e co desenvolvemento de axudas ás persoas, especialmente aos estudantes, preocupación fundamental da Universidade.
- O reitor prosegue informando de que este martes comezou a traballar o Padroado da Fundación Centro de Innovación Aeroespacial de Galicia, nunha asemblea constituínte na que se acordou o nomeamento dos cargos da mesma. O reitor da Universidade de Vigo exercerá como presidente, dona Teresa Pedrosa, delegada do Consorcio da Zona Franca, como vicepresidenta e o director xeral de Delta Vigo, Francisco Puga como secretario. Engade que foi confirmada a participación da Fundación no proxecto transfronteirizo PINAET (Polo de Innovación Aeroespacial Transfronteirizo).

- Continúa explicando que o Campus do Mar vén de lograr o selo de excelencia internacional de forma definitiva; o que coincide, ademais, no tempo coa confirmación dunha achega do Ministerio de Educación de 166845 euros, fundamentalmente destinados ao financiamento de actividades de internacionalización e empleabilidade do campus de excelencia internacional mariño da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- Expón o reitor que o venres día 11. celebrouse en Vigo unha xuntanza da CRUSOE á que tamén asistiron o director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, Jesús Gamallo, e o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, en calidade de presidente do grupo de Educación, Cultura e I+D+i da Resoe, a Macrorrexión do Suroeste Europeo (Galicia, Castela e León e a Rexión Norte de Portugal). Destaca a importancia desta reunión, xa que, tras o éxito das tres primeiras convocatorias do programa, hai que ultimar os detalles do proxecto de investigación Imaxina que en breve será presentado á Unión Europea, solicitándose unha axuda de arredor de catro millóns de euros. Nesa xuntanza, tamén se falou da posible ampliación do programa IACOBUS de mobilidade para de estancias curtas investigadores, PAS e PDI, así como do reto que suporía a súa extensión aos estudantes. Indica que solicitou ao vicepresidente da Xunta para que convoque a Resoe nos vindeiros meses, para tentar buscar a fórmula para que os acordos acadados na xuntanza de Vigo se estendan a toda a macrorrexión. O reitor manifesta a súa satisfacción porque favorece especialmente ao campus humanístico e xurídico social.
- Informa tamén de que o día 3 de decembro presentouse en sociedade o Campus CREA S2i, que agrupa as titulacións de Pontevedra en torno á creatividade e a innovación. O día seguinte reuniuse o Consello do Campus, no que se informou dos traballos que se están a realizar en torno do proxecto de especialización do campus pontevedrés. Información que será detallada polo vicerreitor do Campus nun dos primeiros Consellos de Goberno do ano próximo.
- A continuación o reitor realiza un resumo dos puntos máis importantes tratados no Claustro anterior. Menciona que no "Informe do reitor" fixo a presentación do informe anual de xestión, en cumprimento do artigo 60 dos Estatutos da Universidade de Vigo. Comenta tamén que procedeuse a realizar a elección do Defensor Universitario e de distintos representantes do Tribunal de Garantías. O reitor lamenta que o candidato a Defensor Universitario, D. Argimiro Rojo, non puidera ser elixido debido aos requirimentos establecidos nos Estatutos. Repetirase novamente a elección nun Claustro próximo.
- Para informar das áreas ás que se asignaron as prazas de contratado doutor aprobadas na oferta pública de emprego deste ano, o reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

A vicerreitora explica que na xuntanza da COAP do pasado 4 de decembro aplicouse o criterio aprobado no Consello de Goberno do 29 de outubro, para a selección das áreas de coñecemento na convocatoria das oito prazas de profesorado CD que corresponden á Universidade de Vigo en aplicación da taxa de reposición. As áreas aprobadas foron as seguintes:

Estatística e Investigación Operativa, Tradución e Lingüística, Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos, Enxeñaría Química, Didáctica das Ciencias Experimentais, Educación Física e Deportiva e Comunicación Audiovisual e Publicidade

Continúa a vicerreitora indicando que na xuntanza da COAP que acaba de finalizar seleccionáronse os tribunais que xulgarán as prazas e nos vindeiros días procederase á realizar as convocatorias que serán comunicadas nos medios axeitados.

- Antes de finalizar o seu informe, o reitor agradece a dona Emma Torres a súa labor á fronte do Decanato da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, e dá a benvinda ao novo decano, o profesor Xosé Bahamonde, desexándolle o mellor na súa andaina. Do mesmo xeito, felicita ao Coro da UVigo pola súa labor e actuación nas óperas Cavalleria Rusticana e Pagliacci, que foron representadas onte en Vigo, e manifesta o orgullo da Universidade por ter este magnífico coro.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2016.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen explica a proposta empregando unha presentación informática. Indica o vicerreitor que o R.D. Lei 14/2012 do 20 de abril, "de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo" establece que as Universidades deben aprobar anualmente o seu límite de gasto. Dado que non establece un método de cálculo, realízase unha estimación razoable baseada na previsión dos diferentes capítulos de ingresos.

En base destas consideracións, resume o vicerreitor, que a proposta final é de 176.590.578 euros, que tal como establece a normativa non poderán ser superados, e así se somete á aprobación do Consello de Goberno, para a súa presentación diante do Consello Social para a súa aprobación definitiva.

Apróbase por asentimento.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, do Proxecto de Orzamento da Universidade de Vigo para 2016.

Cede o reitor novamente a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen presenta, en base a un apoio informático, o proxecto do Orzamento, cuxas liñas xerais foron xa presentadas diante do Claustro. O orzamento para o exercicio 2016, segundo da actual etapa de goberno, coincide co comezo dun novo marco de financiamento establecido polo novo Plan de Financiamento Universitario de Galicia 2016-2020 e polo Horizonte 2020 da Unión Europea.

A presentación comeza cun pequeno balance do Plano de financiamento anterior (2011-2015), subliñando que cando se deseñou este plano, víñase da etapa máis expansiva do financiamento do SUG na que, despois duns anos de crecemento continuado acadouse o máximo no 2009. A partir dese ano, as achegas foron diminuindo, con progresivos recortes que, en gran parte teñen que ver cos axustes salariais que introduciron os gobernos centrais e galego. En calquera caso, continúa o vicerreitor, o financiamento no plano 11/15 era progresivo. Resume as compoñentes do financiamento do anterior, dos que destaca que do financiamento estrutural un 20% baseábase en criterios competitivos o que se suma ao 10% do financiamento que se repartía en función dos resultados de 20 indicadores e ao 5% do financiamento por mellora da calidade. Así, no ano 2015 o 32% do recursos totais repartíanse por resultados. Salienta que con ese plan de financiamento que agora remata a Universidade de Vigo foi quen de manter unha captación de recursos lixeiramente ascendente, polo que íamos no bo camiño coa nosa petición de incrementar o reparto por obxectivos.

Realiza o vicerreitor, a continuación, unha análise da Evolución económico-financieira da Universidade de Vigo nese período, no que partiuse dun déficit de máis de dous millóns de euros no exercicio 2011, pero despois fomos capaces de equilibrar as contas e pecháronse os seguintes anos con superávit. En 2015, a curva da evolución amosa un lixeiro descenso que, como foi anticipado en repetidas ocasións, é debido á conclusión de proxectos finalistas, pero aínda así estaremos nun resultado de equilibrio orzamentario. Polo tanto, destaca, a Universidade de Vigo e a única do SUG que pecha con superávit. E finaliza este apartado subliñando que durante estes anos de fonda crise a incentivación da captación de recursos en fontes non tradicionais, fixo que a UVigo fose quen de resistir sen ter acudir a débeda bancaria, mantendo o equilibrio orzamentario. Doutra banda, destaca o control de gasto e a mellora continua dos servizos na procura da eficiencia na súa xestión e o cumprimento dos prazos legais para facer fronte aos pagamentos.

A continuación o vicerreitor explica a estrutura do novo plan de financiamento 2016-2020, simplifícase en dous grandes apartados: o financiamento estrutural, que supón o 66,6% e o chamado financiamento por resultados (33,4%). No financiamento estrutural, abandonáronse os criterios históricos, que non obedecían a causas racionais, establecéndose un novo criterio (número de créditos matriculados en cada Universidade) que reflicte o número de estudantes. Esta nova orientación parécenos correcta, pero manifesta o desacordo pola sobrevaloración da docencia clínica fronte a científica e tecnolóxica, porque favorece claramente a unha universidade, e prexudica ás outras dúas.

Prosigue o vicerreitor indicando que o apartado de financiamento por resultados divídese en diversos subfondos e destaca que, excepto o referido ao Panel de Indicadores os demais son criticables, xa que o financiamento no responde aos resultados (por exemplo, inclúese o financiamento dos Centros asociados da UNED en Galicia, a fundación Rof Codina, ós Consellos sociais...). En canto ao fondo relativo aos complementos retributivos e compensación por matrículas, están as contías derivadas das liquidacións anuais dos complementos retributivos estatais e autonómicos, que inclúen sexenios e complementos. Destaca o vicerreitor que corresponde a un custo estrutural, inamovible para as universidades en función do crecemento vexetativo do seu persoal. Con perspectiva de longo prazo, pode ter relación cos resultados, pero non no curto prazo que considera o plano o de financiamento. E así se consideraba no anterior plan, pero neste mudou. Indica que tamén se inclúe no apartado de resultados o fomento da I+D+i e a transferencia, que deberían estar como anteriormente noutro apartado. Polo tanto, conclúe, dos catro subfondos, tan só o terceiro refírese ao financiamento que se logra polo resultados dun panel de indicadores, polo que neste plano, tan só o 14% do financiamento está en función dos indicadores, polo tanto, tal como dixemos anteriormente en diversos foros estamos diante dun plan de financiamento regresivo. Subliña que o total de 392.3000.3000 € do plan inclúe aspectos que antes se achegaban ás universidades por outras vías e só o apartado de 55.154.175.00 € obtense en base a indicadores.

Analiza a continuación cada un destes indicadores, amosando o seu acordo en que algúns se simplifiquen, pero considera que algúns aspectos están infravalorados (como a transferencia, a internacionalización e mesmo a docencia). Pero destaca que o mais grave e que os dous primeiros (número de grupos de investigación, e a captación de talento investigador) que son os de maior peso, non están ponderados polo tamaño da universidade, e isto non é xustificable, subliña, xa que penaliza a nosa universidade fronte a outras maiores. Indica que será necesario que, a través da comisión de seguimento se modifique este aspecto.

Pasa a continuación o vicerreitor a analizar a evolución prevista para cada un dos fondos do PGFU 2016-2020, considerando que se trata dunha evolución plana, conservadora, en función da evolución macroeconómica. Así, o financiamento en función do panel de indicadores o fará en función do PIB real e o fomento do I+D+i e a transferencia o fará en función do PIBx2. En consecuencia, a previsión das achegas á Universidade de Vigo no período de vixencia do plan é tamén bastante lineal. Na súa opinión, este plan é unha volta ao café para todos, polo que as posibilidades de mellorar son poucas.

Para finalizar este apartado, resume os aspectos máis salientables do novo plan de financiamento, referindo, como principal aspecto positivo, a propia existencia dun plan, que permite realizar unha planificación, o que non acontece noutras comunidades. En relación co monto de financiamento global, supón un lixeiro aumento das achegas, pero moito menor da contía nominal que se anuncia xa que se incorporan fondos que se recibían por outras vías, non estaban incluídas dentro do plan anterior. Valora positivamente a superación dos criterios históricos no reparto do financiamento estrutural, pero discrepa da sobrevaloración que se fai da docencia clínica. Igualmente, manifesta a discrepancia da UVigo co reparto de fondos entre financiamento estrutural (66,6 %) e financiamento por resultados (33,4%), xa que a proposta desta universidade era que, como mínimo, debería facerse un reparto ao 50%. Reitera tamén o rexeitamento de boa parte dos conceptos que se inclúen dentro do financiamento por resultados, así como a infravaloración que no panel de indicadores se fai da transferencia de coñecemento, a mobilidade internacional e mesmo a docencia, pero sobre todo, resulta inaceptable que os dous primeiros indicadores (número de grupos de investigación e captación de talento) que supoñen sumados o 30% dos resultados, non estean relativizados en función do tamaño da universidade.

A continuación, pasa a presentar os orzamentos da UVIGO para o 2016, que supoñen algo máis de 160 M€, analizando a variación que experimentaron no tempo dende o ano 2005. Con respecto do exercicio económico de 2015, a previsión de ingresos supón unha diminución de -2,79%, que se produce fundamentalmente pola variación do Capítulo VIII, os activos financeiros. Explica que esa variación se debe fundamentalmente, a finalización dos proxectos de investigación como BIOCAPS, TACTICA e CINBIO, sen que exista captación doutras, xa que o novo programa Horizonte 2020 da Unión Europea está nos seus inicios e as novas axudas están en fase de convocatoria, o que explica a baixada na consecución de recursos externos para o ano 2016. Continúa comentando o vicerreitor a distribución por capítulos de ingreso, mencionando o lixeiro aumento do 2,97% sobre o exercicio anterior previsto no capítulo tres de taxas, prezos públicos e outros ingresos. Destaca tamén o incremento das transferencias de capital, que inclúe achegas por proxectos en concorrencia nos programas da UE, do MEC e da Xunta de Galicia, por ingresos incluídos dentro do Plan de Financiamento da Xunta 2016-2020 e por contratos con institucións e empresas. No seu conxunto, indica o vicerreitor, agárdase un incremento salientable do 12,87% o que obedece, sobre todo, á previsión do incremento dos contratos de investigación, que se aumentarán notablemente ao pasar a xestionarse internamente na Universidade de Vigo tras a finalización do convenio de encomenda de xestión con FEUGA.

Pero é o capítulo cuarto, de transferencias correntes o que concentra a meirande parte dos ingresos. Dentro deste capítulo, inclúese a meirande parte do financiamento procedente do PGFU. O peso do capítulo IV pasa a representar un 72,55% do total dos ingresos, fronte ao 67,47% do exercicio pasado, por mor da diminución noutros capítulos.

Pasando ao orzamento de gastos, o vicerreitor fai fincapé no incremento do Capítulo I de gastos de persoal, que continúa a ser a principal aplicación de gasto, cun 59,18%, do total do

orçamento e un importe de 95.040.900 €. Esta cantidade é superior a orzada no 2015, que foi 89.190.380€, cun 53,99% de peso no total. Xustifica este cambio pola adecuación do importe orzado ao efectivamente gastado nos últimos exercicios, nos que o mantemento do emprego público, o incremento vexetativo da masa salarial, a devolución da parte proporcional da paga extra pendente dende 2012 e o incremento da participación do persoal de convenios e programas no gasto imputado ao capítulo I, fixeron que o gasto efectivo se incrementara de xeito salientable.

Destaca o vicerreitor que a UVigo é a universidade galega na que máis ten medrado o gasto en capítulo I nos últimos exercicios, pasando dos 88.865m€ liquidados no exercicio 2012 aos 93.397m€ que está previsto liquidar no exercicio 2015, un incremento dun 5,10% nos peores anos da crise, o que amosa o compromiso desta universidade cos seus traballadores e co mantemento do emprego público. Parte do incremento do gasto neste apartado, prosegue, ten que ser compensado por unha redución do capítulo II, de gasto corrente, que ten unha previsión de 28.014.935 €, experimentando unha baixa do 10,32%. A causa está no remate dos fondos de carácter finalista comentados anteriormente (proxectos europeos basicamente) e a continuación nas políticas de eficiencia na xestión do gasto. Continúa explicando que o capítulo III, de gasto financeiro, mantén o mesmo orzamento que no 2015, derivado do final do período de carencia do proxecto Campus do Mar e á necesidade de ter que facer fronte aos gastos financeiros polas devolucións das axudas non executadas.

Finaliza a descrición dos capítulos con breves explicacións das previsións no Capítulo IV, de transferencias correntes, no que se mantén o nivel de esforzo dos últimos anos en axudas directas ao estudantado a través das diferentes convocatorias de bolsas, e do Capítulo VI de investimentos reais no que prevé un descenso do -20,89% en relación 2015, por mor sobre todo a que a política de investimentos está directamente ligada á consecución de fondos finalistas, para non comprometer o funcionamento ordinario da institución.

O vicerreitor de Economía prosegue explicando a distribución do gasto por capítulos, destacando a importancia do gasto total en persoal, que supón o 60% do total que, na súa opinión, se sitúa no límite do que é sostible. Reitera que somos a única universidade do SUG que incrementamos o gasto neste capítulo.

Tras amosar unha táboa resumo das previsións de gasto en cada capítulo, o vicerreitor salienta que o saldo corrente, que para a Universidade de Vigo ten signo positivo dende 2012, ten que corresponderse co saldo equivalente con signo negativo no saldo de capital, que amosa un aforro bruto orzamentario de 3 millóns e medio, necesario para o equilibrio da UVigo.

Continúa realizando unha breve descrición da distribución do orzamento por programas, da que salienta a diminución no apartado de infraestruturas, e o incremento no programa de apoio ao alumnado e docencia, debido á centralización neste programa das bolsas, que no ano 2015 estaban repartidas polo resto de programas.

Finalmente, refírese as once liñas fundamentais nas que se centrará a acción de goberno e que están contida nos orzamentos. Refírese aos compromisos profesionais con PDÍ e PAS, indicando que este ano a taxa de reposición sitúase no 100% das prazas amortizadas, ademais das prazas de catedrático de universidade que poden saír en número igual que as de funcionario ofertadas na oferta pública de emprego. Reitera o vicerreitor que seguiremos defendendo a desaparición da taxa de reposición e que os límites da contratación deben vir condicionados unicamente polo equilibrio económico da Universidade. Manteranse as prazas para captación de persoal, máis as prazas de intensificación investigadora para os que rematan contrato de AD, co que se asegurará a liña de estabilización. En relación co PAS, indica que prosigue a negociación dunha nova RPT que debería dar resposta as necesidades da

universidade, tendo en conta as limitacións legais e orzamentarias, resposta que un cadro de persoal deseñado hai 20 anos non pode dar. Expresa a confianza en chegar a un acordo o máis significativo posible, e co maior consenso posible, dando acubillo ao plan de funcionarización do PAS laboral que este equipo de goberno e esta Xerencia veñen propugnando dende hai varios anos, para que, de xeito voluntario, o persoal laboral que así o decida poida optar a unha praza de funcionario.

Destaca, para finalizar, a actuación en infraestruturas, mencionando na obra nova a licitación do edificio do Campus da Auga en Ourense, ou eventualmente a edificación no Berbés, sempre e cando se logre o financiamento. Está prevista a renovación da cuberta da Facultade de Química e na medida do que permita o orzamento, a cuberta do Edificio Miralles, o acondicionamento do segundo soto do parking do edificio xurídico-empresarial, en Ourense e a humanización do Campus de Pontevedra. Engade que se inclúe tamén o orzamento para a posta en marcha das novas instalacións do CACTI, así como a do CINBIO etc.

Rematada a exposición do vicerreitor de Economía e Planificación, ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén o representante do alumado, Luís González, quen agradece o compromiso para manter os postos de traballo, pero lamenta que non se chegara a cubrir a todos os docentes que non puideron entrar na taxa de reposición. Tamén chama a atención sobre o feito de que non estea prevista unha partida para a escola de Enxeñaría Aeroespacial, e subliña que no caso de que se aprobara a titulación non estaría dispoñibles os cartos para a súa implantación.

Intervén o reitor para facer fincapé en que non se van producir despedimentos e cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, para que responda á cuestión. O vicerreitor explica que se manterán os programas de captación de talento e os de intensificación da investigación, polo que todos os profesores teñen que ter seguro que farase o esforzo necesario para que manteñan a súa relación coa Universidade de Vigo. En canto á escola de Enxeñaría Aeroespacial, di o vicerreitor que si está considerada no orzamento, pero prevese que o impacto do primeiro curso non sexa importante.

Intervén o profesor Pedro Santamaría, quen agradece ao vicerreitor a presentación realizada, pero non entende que se felicite polo novo plano de financiamento, xa que a pesar dos esforzos realizados a Universidade de Vigo segue saíndo prexudicada. Na súa opinión, prodúcense paradoxos curiosos. así mentres que o vicerreitor di que no capítulo 1 estamos no límite da masa salarial, esta é parecida á da Universidade da Coruña, a pesar de que nós temos máis alumnos e traballamos máis. Continúa dicindo que é necesario un exercicio de ofrecer máis información en relación con aspectos que non están debidamente detallados, cumpre destacar o impacto no persoal. Reclama tamén máis información do plano de financiamento do Campus do Mar, que xa foi solicitada o ano pasado. Prosegue indicando que valora positivamente a redución no gasto corrente. Indica que vai votar en contra do proxecto de orzamentos porque son restritivos e veñen derivados dunha política en contra da que se posiciona. A este respecto, di que o reitor non explicou o seu posicionamento en relación coa posibilidade dun novo goberno central, cando todas as súas intervencións comezaban presentando o marco lexislativo. Insiste en que xa é o momento de que se derroguen os regulamentos que restrinxen as prazas, ás limitacións nos teitos de gasto, así como o decreto Wert, que afecta negativamente ao ensino.

Responde o reitor que todos os reitores falan con todos os partidos e expóñenlles as súas solicitudes. En relación coa derogación de todos estes decretos, ese posicionamento xa foi realizado tanto na CRUE como a nivel individual, e a reclamación de que nos sexa devolta a autonomía universitaria volverá a trasladarse cando teñamos interlocutores. Reitera que ata o



de agora falou cos oito candidatos máis importantes, cando tome posesión un novo goberno, trasladaránselle estas reclamacións.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación para explicar que se felicita pola existencia do plano de financiamento, porque é preferible coñecer os medios dos que dispoñemos, para poder realizar unha planificación, que non coñecelos. Pero na súa exposición destacou que se trata dun plano que non nos gusta, e insiste en que nós fixemos moitas propostas, demandando un maior peso de financiamento por resultados. Polo tanto, resume, nos felicitamos porque haxa un plano, non polo plano que hai. En canto da masa salarial, amósase sorprendido da comparación coñecendo como se configuran os orzamentos, na UdC, explica, inclúen os contratados con cargo a proxectos no capítulo VI, non no I, de aí a diferenza.

Aclara o vicerreitor que, en canto ao cadro de devolución da amortización do campus do mar, no que estaban todos os datos solicitados, poderíase repetir, pero está recollido no do 2011. Prosigue confirmando que, por suposto, trátase duns orzamentos restritivos. E expresa a esperanza de que se abra unha nova perspectiva no estado, e que as regulacións poidan mudar nun futuro, pero insiste en que a posición institucional ten que ser cumprir as leis que existan en cada momento.

Toma a palabra o profesor Reigosa Roger e indica que, a pesar de que algunhas das súas cuestións xa están comentadas, quere suscitar tres cuestións: En primeiro lugar, coincide co vicerreitor en que é bo ter un plano, pero este estrangula a economía da Universidade e é un atentado contra a súa autonomía. Ten a percepción de que as universidades do SUG non se posicionaron coa suficiente claridade nos puntos de limitación de persoal e de inxerencia. En segundo lugar, di que a Universidade de Santiago de Compostela está a investir en persoal máis do 90%, e a UdC case un 70%, polo que está claro que invisten máis en persoal que a UVigo. Finalmente, en relación coa continuidade do persoal, afirma que apoian a estabilidade dos PDI, polo que, no seu día, votaron a favor das medidas propostas para dar continuidade ás figuras de interinos, pero indica que temos que sentarnos para analizar o futuro da bolsa de persoas que se está a crear.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación á segunda das cuestións propostas, dicindo que ese dato hai que lelo ao revés, a porcentaxe é menor na UVigo porque nós temos máis capacidade de captación de recursos por fóra do plan de financiamento, a ratio que hai que analizar é a proporción entre o gasto de persoal e as achegas que recibimos do plan de financiamento. Por exemplo a UdC ten pouca capacidade de captación de recursos, polo que unha boa parte está destinada a persoal, porque non medra por fóra. Insiste o vicerreitor que esa é a interpretación que deberíamos facer e nese terreo resistimos calquera comparación. En relación coa continuidade do persoal interino e das bolsas que se están a crear, coincide en que sería bo intercambiar ideas, aínda que nós fiamos á posibilidade de superar as condicións draconianas nas que estamos metidas. E, en relación ao plano de financiamento, comenta que non é tanto que estrangule, porque incrementamos un pouco o orzamento, pero se non medra máis, tan só poderemos agardar ao mantemento da situación actual. O vicerreitor manifesta a súa confianza en poder manter o equilibrio financeiro da institución, polo tanto parécelle excesivo falar de estrangulamento, pero alegrías ningunha. Finaliza dicindo que é evidente o recorte da autonomía universitaria neste sistema normativo.

Intervén a continuación o representante do PAS, Xoan Cebro, quen quere facer constar na acta a súa abstención na votación destes orzamentos, e o xustifica explicando que no que se refire ao PAS funcionario, non coinciden os resultados que figuran no Capítulo I cos que el dispón, como representante sindical. Enumera a continuación unha serie de discrepancias

atopadas entre os efectivos que constan en diversos niveis no documento presentado e os datos que posúe e que presentará para que sexan anexados a acta (**Anexo I**).

Expón unha segunda cuestión en relación coa RPT. Di que, argumentando unha mellora na xestión da Universidade, fixéronse diversas modificacións de prazas e postos de promoción que non entende, sindicalmente acepta todas as que implican un aumento de nivel, pero, como funcionario só entende unha que é de nivel C2 para fomento de emprego. Na súa opinión, estanse creando prazas sen sentido, sen que queden claras as funcións de cada posto. Di que non queda clara a diferenciación nos servizos centrais entre xefe de área, sección e negociado, xa que se está descentralizando o traballo na área académica e no servizo alumnado. En relación coa ratio de PAS, comparativamente con outras universidades a UVigo está entre as que a teñen máis alta. Manifesta tamén que coa creación de postos de nivel 22 na Reitoría está a producirse crispación nos servizos, polo que pedíronlle unha reunión coa Xunta de Persoal, cousa que non sucedía ata o de agora. Insiste en que a diferenciación de funcións de cada posto debe estar clara. Expón tamén a preocupación amosada polo persoal polo descoñecemento que existe de como se van xestionar as áreas departamentais, como se van asignar as prioridades entre departamentos etc. Continúa a súa intervención falando do proceso de funcionarización, referindo que para chegar a acordos debe realizarse conxuntamente coa RPT laboral. Manifesta o seu desgusto diante dun comentario recollido nun acta dunha xuntanza da comisión de funcionarización, no que se apunta a que o Consello de Goberno pode aprobar a RPT sen acordo.

O vicerreitor de Economía e Planificación indica que á primeira cuestión responderá o xerente. Respecto da segunda, parécelle curioso que se poña en dúbida as vantaxas de crear postos que dan opción de promoción ao persoal. O Sr. Cebro intervén para dicir que sindicalmente aceptaba eses postos. De todos xeitos, prosegue o vicerreitor, este é o traballo que queda por facer na negociación da RPT, e nós asumimos o custo desta proposta para avanzar neste proceso.

Toma a palabra o xerente para explicar que os datos que figuran na proposta están traballados cos xefes de servizo, que os números foron revisados a unha data concreta, e coinciden, polo que non ten nada que engadir.

Insiste D. Xoán Cebro en que os números non coinciden cos que manexan na xunta PAS, e intervén o reitor para subliñar que son os xefes de servizo os que compoñen estas táboas, que fiamos no seu labor. Enviarémoslle as táboas para comentar esas discrepancias, verificar os valores e avanzar na negociación, xa que se trata dun documento aberto. É necesario actualizar a RPT, para avanzar no proceso de mellora continua. Esta é a disposición. Engade que se contempla unha mellora para favorecer a negociación e permitir a promoción do persoal, que os cambios das funcións de cada posto serán totalmente explicados mañá, e que quere compromiso do inicio da negociación antes de que acabe o ano, para iso imos falar e argumentar.

D. Luís Pérez manifesta que vai votar a favor, pero quere facer unhas matizacións. Di que se fala da taxa de reposición, pero que parece que só se aplica ao PDI, indica que se pode empezar a discutir que parte se emprega en cada colectivo. Manifesta claramente que o Capítulo I ten un límite, pero hai que discutir as necesidades de cada colectivo. Engade que a miúdo se escoita que sobran PAS, pero que el apoiou ás saídas propostas para o PDI, con todo hai que considerar a institución como un conxunto. Prosegue engadindo que lle parece un erro ter aberta mesa de RPT e de funcionarización ao tempo, pero a RPT só ten sentido se se inicia un proceso de funcionarización. Indica que el é bastante crítico, polo colectivo ao que

representa, pero na negociación da RPT non está presente o persoal laboral. E non está na mesa de funcionarización porque non cre que se deba facer neste momento.

O vicerreitor agradece o apoio expresado e indica que a taxa de reposición tamén se aplica ao PAS, chegará un momento no que sexa necesario falo así. En canto a si é un erro facer en paralelo a negociación e ambas, di que, con independencia de como se vaian cubrindo etapas, é positivo facer ver ao persoal que quere dar ese paso á funcionarización, que vai ten encadre no futuro, independentemente de que se debe ir definindo. Nese caso, si que é positiva a simultaneidade. Outro caso é como se realiza cada etapa. Coincide o Sr. Luís Pérez en que é máis para dar unha mensaxe que por traballar coherentemente.

Finalizadas as intervencións o reitor solicita a votación. Como resultado da mesma, apróbase o proxecto de Orzamento da Universidade de Vigo para 2016 (**Anexo II**) por: 31 votos a favor, 3 en contra e 4 abstencións.

#### **Punto 5.** Informe sobre a quinta Memoria de responsabilidade social da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao comisionado de Plans Estratéxicos, D. Francisco Xavier Martínez Cobas, quen presenta, por quinto ano consecutivo a Memoria de responsabilidade social universitaria, nesta ocasión correspondente ao ano 2014.

O comisionado introduce as accións realizadas pola comunidade universitaria no ámbito da RSU en base a unha presentación informática, na que baixo catro grandes epígrafes: “Dialogando coas partes interesadas. Transparencia e sustentabilidade económica. Sustentabilidade ambiental e Creación de valor para a sociedade”, resume as actuacións e os obxectivos acadados neste ano. Sen embargo, destaca, tal vez o máis importante ten sido o esforzo de recompilación dos catro anos anteriores, que permite por primeira vez plasmar a evolución temporal e valorar o desempeño da nosa institución nun conxunto de obxectivos. Este esforzo de comparabilidade preséntase a través do portal de transparencia da universidade, xa que forma parte dun proxecto máis amplo e ambicioso de rendición integral de contas e de información pública. Engade que a pesar de que este portal na actualidade xa aporta un nivel de información relevante e significativo, aos niveis de contratación, xestión orzamentaria, e outros indicadores económicos-financeiros, irase transformando ata converterse nun portal de datos abertos (*open data*) no que calquera persoa usuaria poderá acceder e operar coa información ofertada.

Prosegue indicando que a memoria entregada coa documentación amosa a actividade que se está a realizar ante a sociedade e os grupos que están en relación coa institución, medindo o que ofrecemos non en termos de crecemento económico, senón en termos de desenvolvemento social, de creación de valor para a sociedade. Confía en que esta actuación axude a detectar novas metas e accións de mellora que permitan avanzar en igualdade de xénero, protección social, protección medioambiental, na multiculturalidade e no plurilingüismo, así coma en moitas outras iniciativas que nos convertan nunha sociedade máis xusta e solidaria.

De entre as máis de cento cincuenta actividades relacionadas coa responsabilidade levadas a cabo no ano 2014, á marxe das relativas a outros apartados, cabe destacar as numerosas campañas de recollida de alimentos realizadas por distintos colectivos da Universidade, as intervencións en cárceres e hospitais, as xornadas relacionadas coa inclusión e loita contra a discriminación e as propostas destinadas ao fomento da interculturalidade.

Destaca o comisionado de entre os principais fítos acontecidos na nosa Universidade neste período:

- A proposta Campus do Mar, liderada pola Universidade de Vigo, obtivo a cualificación de Campus de Excelencia Internacional de ámbito rexional na convocatoria do programa Campus de Excelencia Internacional do Ministerio de Educación.
- Avanzouse no proceso de especialización do Campus da Auga en Ourense e do Campus Crea en Pontevedra
- Sinatura do convenio para a posta en marcha do proxecto TÁCTICA, co que se captaron 7 millóns de euros de fondos FEDER para o centro AtlanTIC.
- Aprobación do Protocolo de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.
- Ránking nacional de transparencia en universidades. A Universidade de Vigo ocupa a terceiro posto no ránking de transparencia do ano 2014 da Fundación Compromiso y Transparencia.
- Éxito do Programa INCUVI-Emprende do que saíron varias iniciativas empresariais galardoadas en diversas convocatorias.
- A Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte comezou un conxunto de actividades para pasar a formar parte da Rede Escolas Unesco.

Finalizada a presentación do Comisionado de Plans Estratéxicos, pregunta o reitor se algún membro do Consello desexa algunha aclaración, ao non haber comentarios, prosegue a orde do día.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, da convocatoria de eleccións para a renovación parcial do Claustro Universitario.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que no ano 2016 corresponde a renovación parcial do Claustro, no sector alumnado, xa que os Estatutos da UVigo, no seu artigo 33, recolle que *os membros do Claustro serán elixidos por catro anos, agás o alumnado que o será por dous*, posto que a última renovación foi en abril do ano 2014, procede dar inicio ao proceso de renovación, para que cumpridos os dous anos, estean elixidos os novos representantes.

Dá lectura aos artigos das normativas da Universidade que regulan a convocatoria de eleccións. En primeiro lugar, entre as funcións do Consello de Goberno está a convocatoria das eleccións como se atribúe no artigo 39 dos Estatutos no punto n) *a convocatoria de eleccións para a renovación total ou parcial do Claustro Universitario*. No artigo 4.1 do Regulamento de Réxime Interno do Claustro Universitario dispónse que *A convocatoria de eleccións faina o reitor, despois da reunión da Mesa do Claustro e que A Comisión Electoral, á que se fai referencia no artigo 29 deste Regulamento, elaborará o calendario, o censo e o procedemento electoral*.

Polo tanto, remata a secretaria xeral, compete a este Consello de Goberno dar inicio a este proceso de convocatoria de eleccións para a renovación parcial do Claustro Universitario, sector estudantes.

Apróbase por asentimento.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, da Convocatoria para a prórroga de contratos do programa Ramón y Cajal formalizados na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transfèrencia para a presentación deste punto.

A vicerreitora explica que a convocatoria do programa Ramón e Cajal da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación do ano 2014, publicada en BOE de 1 de decembro de 2014 establece, na súa Disposición adicional segunda, a posibilidade de que as entidades beneficiarias de axudas de convocatorias anteriores do programa prorroguen os contratos formalizados ao amparo de devandita convocatoria que finalicen no ano 2015, durante un máximo de dous anos, e sempre que a modalidade contractual permita. fágase con cargo aos recursos económicos propios desas entidades e se conte coa autorización preceptiva do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ou dos departamentos correspondentes da Comunidades Autónomas.

Adicionalmente, indica que as prórrogas deberán realizarse mediante un proceso de selección que asegure a excelencia do persoal investigador titular dos contratos, segundo os criterios que fixe a correspondente entidade. A convocatoria do programa Ramón e Cajal do ano 2015, publicada en BOE de 7 de decembro, inclúe unha disposición análoga, referida aos contratos con data de finalización no ano 2016.

Á vista destas disposicións, prosegue a vicerreitora, a Universidade de Vigo solicitou á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia a autorización para a prórroga dos contratos do Programa Ramón e Cajal do seu persoal investigador derivados das convocatorias dos anos 2010 e 2011, con data de finalización no ano 2015 ou 2016. En outubro de 2015 recibíuse a autorización pertinente para os contratos con data de finalización no ano 2015. A autorización equivalente para os contratos que finalizan no ano 2016 solicitouse con data 9 de decembro de 2015 e aínda está pendente de recepción.

Neste contexto, para dar cumprimento ao indicado na resolución da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, é necesario que a Universidade de Vigo estableza os criterios e o procedemento de selección que aseguren a excelencia do persoal investigador titular destes contratos. Este é precisamente o obxectivo da convocatoria que se somete a aprobación.

Continúa a vicerreitora expoñendo que na convocatoria establécense os destinatarios e as características dos contratos, e os requisitos para a formalización da prórroga, que son basicamente dispoñer da acreditación da ANECA como Profesorado Titular de Universidade, superar favorablemente a avaliación do programa I3 e ter o informe favorable para a prórroga do Departamento de adscrición. Así mesmo, no caso dos contratos con data de finalización en 2016 a formalización da prórroga estará condicionada á recepción da autorización preceptiva da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. A selección será realizada pola Comisión de Investigación, delegada de Consello de Goberno.

Para rematar, indica que a convocatoria foi aprobada por unanimidade na xuntanza da Comisión de Investigación de 2 de decembro de 2015.

Apróbase por unanimidade (**Anexo III**).

**Punto 8.** Aprobación, se procede, do cambio de denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen explica que se produciu un erro na redacción do punto da orde do día, polo que hai que aclarar que non se trata de aprobar nesta sesión o cambio de denominación, senón de iniciar o procedemento para facelo. para dar resposta á petición realizada pola Xunta de Escola da ETS de Enxeñaría de Minas.

Explica a secretaria xeral que na documentación achegada coa convocatoria se presenta a memoria achegada polo centro, na que se realiza a petición de modificación do nome actual “Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas” ás denominacións de: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (galego), Escuela de Ingeniería de Minas y Energía (castelán) e Mining and Energy Engineering School (inglés).

A supresión de “Técnica Superior” do nome tradicional xustifícase plenamente trala incorporación ao Espazo Europeo de Educación Superior, de xeito similar ao xa realizado por outras Escolas de Enxeñaría da Universidade de Vigo. E a unificación de “Minas e Enerxía” baséase no recoñecemento das titulacións que imparte: Grao en Enxeñaría da Enerxía, Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e Máster Universitario de Enxeñaría de Minas. Indica tamén a secretaria xeral que unha modificación similar xa foi realizada por outras Escolas de Minas do Estado, como a máis antiga a nivel nacional a da Universidade Politécnica de Madrid, a da Universidade de Cantabria etc.

A secretaria xeral pasa a continuación a explicar, coa axuda dunha presentación informática, a normativa que regula a modificación dun centro, que é a implicada tamén na creación ou supresión do mesmo, dando lectura aos artigos 8 da LOU, os artigos 17.0 e 18.4 da LSUG, así como aos artigos 12.2, 30.g e 39.g dos Estatutos da Universidade de Vigo. En base desas normativas presenta o seguinte procedemento, coa indicación dos pasos a seguir e o calendario proposto para o seu desenvolvemento.

- 1º. Iniciación do Expediente polo Consello de Goberno, data de hoxe, se así se aproba.
- 2º. Remisión ao CONSELLO SOCIAL para informe: 29 de decembro
- 3º. Exposición pública á comunidade, para presentación de alegacións: 1 mes (posto que neste tempo se desenvolven as vacacións de Nadal proponse a extensión ata o 25 de febreiro).
- 4º. Remisión ao Claustro para informe: presentarse no Claustro que se desenvolverá na primavera (marzo-abril).
- 5º. Consello de Goberno. Debate e aprobación. se procede.
- 6º. Remisión á Xunta de Galicia, que solicitará informe do Consello Galego de Universidades.
- 7º. Aprobación da Xunta de Galicia: que o remitirá ao RUCT, o enviará para a súa publicación no DOG e comunicará a modificación aprobada á Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Finalizada a presentación, o reitor abre unha rolda de intervencións.

O director da Escola de Enxeñaría Industrial explica que se vai abster na votación, porque non tivo tempo de tratar este punto no seu centro, e dado que ambas Escolas teñen competencias en materia de Enerxía, quere agardar a coñecer a opinión da Xunta de Centro. Aínda que haberá tempo para formular alegacións. prefíre absterse. Tamén expresa que lle gustaría que o informe do Consello Social se emitira máis tarde.

O reitor reitera que o paso que se dá hoxe é o inicio do trámite administrativo para dar resposta á solicitude dun centro, que hai un prazo específico para o debate.

O profesor Pérez Cota secunda a opinión expresada polo director da EEI e expresa que se absterá na votación.

Intervén a secretaria xeral para indicar que, en relación co informe do Consello Social, no caso de que se realizaran alegacións e se establecese un debate intenso, podería solicitarse un novo informe.

Apróbase o cambio de denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas polo de Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, por asentimento con dúas abstencións.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento da Comisión de Calidade.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado, quen explica que no Regulamento de Réxime Interno da Comisión de Calidade establécese a composición desta Comisión e a das súas subcomisións. Á vista dalgúns erros e melloras detectadas neste regulamento, propóñense as modificacións que se recollen no **Anexo IV** deste acta.

A vicerreitora explica que estas modificacións foron comentadas na propia Comisión de Calidade e que se xustifican polo establecemento de dous grupos de traballo, que fai conveniente a participación de dous/dúas técnicos/as da Área de Apoio á Docencia e Calidade e dous/dúas representantes do PDI elixidos polo Consello de Goberno. Tamén se incorpora a representación do PAS que fora acordada nun Consello de Goberno anterior. Ademais, á petición dos estudantes, inclúese un representante deste sector na comisión técnica.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Sonora*, México – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o *Centro de Investigación Científica e de Educación Superior de Ensenada, Baja California*, México – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Buenos Aires* (Arxentina) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Buenos Aires* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal do Triángulo Mineiro*, Brasil -- Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Federal do Triángulo Mineiro* para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Casa Grande*, Ecuador – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Casa Grande* para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad La Gran Colombia*, Bogotá (Colombia) para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Rochelle Business School* (Francia) para a obtención de dobre titulación: Grao en Comercio. Universidade de Vigo; Bachelor en International Business, *Rochelle Business School*.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 11. Rogos e preguntas.**

Ábrese unha quenda de intervencións.

O profesor Pou Saracho quere facer pública a súa felicitación á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia e aos servizos económicos polo desatranco do Programa de Soporte á Xestión Económica de Grupos de Investigación, que considera é unha ferramenta que se debe manter.

Engade que quere facer constar o seu rogo de que no próximo Proxecto de Orzamento da Universidade apareza algún capítulo de axuda ao Vigo Tecnolóxico, para que no pareza que está sen cubrir. Remarca, que xa no primeiro orzamento non estaba.

Responde o reitor indicando que non é certo que o que non está recollido no orzamento non se financia, que é unha interpretación. Insiste en que, como nos outros centros, cando se acade o financiamento vaise facer a dotación.

A vicerreitora de Investigación e Transferencia agradece o comentario favorable realizado polo profesor Pou Saracho.

O profesor García Costas González pregunta pola migración da páxina web ao dominio .gal. Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que xa está totalmente operativa.

Intervén o Sr. Cebro Rodríguez, quen realiza a proposta de que se habilite un teléfono interno, con bloqueo de chamadas externas, para os alumnos que teñen que tratar un tema cos servizos, como a ORI, por exemplo, para que poidan realizar consultas sen ter que aboar as chamadas. Indica que debería instalarse nun espazo específico e axeitado, para que poida utilizarse dese xeito. E finaliza desexando unhas boas festas a todos e todas.

O vicerreitor de Economía e Planificación responde que lle parece unha boa idea, do mesmo xeito que xa se habilitou un ordenador e unha impresora. Toma nota da suxestión e tentará realizarse pronto.

O Sr. Federico Fernández expón que, coñecida a resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación cos atrasos do PAS Funcionario, se faga extensiva ao PAS laboral e se recoñezan os atrasos de oficio, para que non sexa necesario realizar unha nova reclamación diante dos tribunais.

O vicerreitor de Economía e Planificación responde que, en canto a sentenza sexa firme, está previsto facelo así.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:50 h do día 21 de decembro de 2015, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris